

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO DE 2017**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

#### **NON ASISTEN:**

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)  
Jácome Enríquez, Xosé Lois (concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo)  
López Barreiro, Margarida (concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo)  
Pérez Correa, Rubén (concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e un minuto do día trece de marzo do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera,

Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Dado que son as 9 horas e un minuto, de cortesía, iniciamos o Pleno extraordinario ao que anteriormente me refería.

**ÚNICO(40).- TOMA EN CONSIDERACIÓN E POSICIONAMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS RESPECTO DA PROPOSTA DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, EN RELACIÓN CO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. REXISTRO PLENO 1520/1101.**

ANTECEDENTES: Con data 1.03.2017, o grupo municipal do Partido Popular presenta escrito, asinado polos sete concelleiros, solicitando a realización dun Pleno extraordinario, co seguinte texto:

“Con data de 23 de febreiro de 2017 ten entrada no rexistro municipal do Concello de Vigo unha solicitude do R. C. Celta de Vigo, S.A.D. pola que manifesta o seu interese en vincular o futuro da entidade á cidade de Vigo, ben mediante a adquisición do actual Estadio Municipal de Balaídos, ou mediante a concesión dunha licenza para a construción dun novo estadio na cidade.

Tendo en conta a repercusión social do Real Club Celta, e a importancia que ten para a cidade, consideramos imprescindible debater estas e outras posibilidades no pleno da Corporación Municipal, no que o alcalde de Vigo explique a súa postura sobre a proposta presentada polo Real Club Celta de Vigo. Entendemos que debería ser convidado a intervir perante o Pleno da Corporación o presidente do Real Club Celta de Vigo, Carlos Mouriño Atanes, para expor de modo detallado o seu plantexamento.

Polo anteriormente exposto, ao amparo do artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de

Bases de Réxime Local, e o artigo 44b do Regulamento Orgánico do Concello de Vigo, os concelleiros que asinan, membros do Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos a celebración dun pleno extraordinario da corporación municipal de Vigo, coa seguinte orde do día:

- Toma en consideración e posicionamento dos grupos municipais respecto da proposta do Real Club Celta de Vigo.

E coa seguinte proposta de acordo:

- Instar ao goberno municipal e ao alcalde de Vigo a garantir a permanencia do Real Club Celta en Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez que xa pasamos o Pleno de contraprogramacións e ese lavado de cara para o titular do día de mañá nos medios de comunicación, imos falar do que realmente lle está preocupando a toda a cidade e o que lle está a preocupar a tódolos vigueses/as, ben é verdade que vostedes queren despachar o futuro do Celta en cinco minutos, pero intentaremos comprimilo e señor Alcalde, hai que dicir a verdade e a verdade é que vostedes non querían que comparecese o Sr. Mouriño neste Pleno, vostede deulle medo que comparecera o Sr. Mouriño neste Pleno porque non é capaz de mirarlle aos ollos e escoitalle tódalas cousas que vostedes non están a facer polo Real Club Celta e tódalas dúbidas sobre o futuro que ten o Real Club Celta que vostede o único que fai é incrementalas.

Pero nós cremos que é importante que aquí no seo da Corporación municipal aínda que sexan 5 minutos que o queiran despachar, falemos do futuro do Celta porque hai un risco real de que se marche de Vigo, e que o Alcalde de Vigo ante ese risco está mudo, co que lle gusta falar de todo e comentar todo o que os demais teñen que facer e resulta que cando hai algo que depende exclusivamente del, está calado.

A min gustaríame, espero que sinceramente na quenda do Partido Socialista sexa o Alcalde quen interveña e o Alcalde o que explique exactamente o que van facer para que o Celta se quede en Vigo, claro unha proposta crible, clara, porque de promesas Sr. Alcalde súas en relación ao Celta xa estamos cansados, e tampouco

nos veñan con solucións imaxinativas que non teñan validez xurídica porque entón estaremos novamente nun canexón sen saída.

Dende o Partido Popular temos claro o que queremos e por iso o dixemos, non temos dúbidas do que queremos e o que queremos é que o Celta se quede en Vigo, que o estadio e que a cidade deportiva do Celta estea en Vigo e para iso hai que tomar decisións, hai que buscar alternativas e hai que traballar un pouco, iso que a vostedes tanto lles custa, e por iso nós si que no exercicio da nosa responsabilidade puxemos enriba da mesa unha alternativa que nos permite e que permite cumprir os dous obxectivos que dende logo para o partido e para o propio Celta estamos convencidos primeiro, que se manteña a titularidade do estadio, o Partido Popular quere que Vigo manteña a titularidade do estadio de Balaídos, non queremos que venda pero queremos que o Celta teña a flexibilidade que necesita e a autonomía que necesita para poder xestionalo e garantir a viabilidade futura do Celta e, esa vía que puxemos enriba da mesa é unha concesión administrativa sobre o Estadio, é unha posibilidade que prevé a Lei, que se utiliza por parte das administracións públicas que ademais é a longo prazo, da estabilidade 50, 60 anos, pódese modular o prazo e ademais permite que Vigo e os vigueses teñan un retorno que o Partido Popular tamén propuxo como podería ser, a través da construción dunha cidade do deporte para tódolos vigueses/as, e queremos tamén que se habilite por parte do Concello a solución urbanística que sexa necesaria para que a cidade deportiva poida ser na nosa cidade, se poida facer en Vigo. Esta é a alternativa que propón o Partido Popular e vimos aquí para debater, non estamos pechados a outras, imos escoitar e queremos escoitar cal é a alternativa que propón o Partido Socialista, cal é a alternativa que propón o goberno municipal, porque a pelota nunca mellor dito está no seu campo Sr. Alcalde, ten vostede o escrito do Real Club Celta de Vigo, dende o pasado 23 de febreiro, e aínda non dixo vostede absolutamente nada e ten que dar unha resposta ao que están propoñendo, non nos serve que sigan nesa fuxida cara diante, con esas obras, por certo Sr. Font, mire que presumir obras das que están a facer, das obras de tribuna, se é que non o teño que dicir eu, se o di o propio Presidente do Celta, se chove onde non chovía, se vostedes fixeron uns vestiarios por debaixo do nivel do mar que se van afondar, se non arranxaron o problema de saneamento e de augas graves que ten a zona de Balaídos, pero que non están a contar, de que

están vostedes presumindo? De facer un lavado de cara, de facer un estadio bonito para a foto? Pero o estadio hai que utilizalo Sr. Regades, que calado está vostede hoxe, gustaríame que fose vostede o que contestase e o que dera explicacións sobre as obras, xa dará vostede explicacións sobre as obras de Balaídos, tempo ao tempo Sr. Regades, por certo obras de Río sen empezar, o tempo corre señores do goberno, hai que correr, hai que apurar que senón no 2017, como prometeu o Sr. Alcalde, non van estar as obras do estadio.

En definitiva, o Celta tivo moita paciencia con vostedes, os vigueses tiveron moita paciencia con vostedes, aguantaron moitas mentiras e é o momento da verdade, díganos que proxecto teñen para garantir Sr. Alcalde que o Celta se quede en Vigo, díganolos hoxe, agora que os vigueses están escoitando.

PRESIDENCIA: O grupo de Marea de Vigo non está, polo tanto seguimos co grupo socialista.

SR. LÓPEZ FONT: Paciencia temos con vostede Sra. Muñoz, de verdade que temos paciencia con vostede porque aínda renegar do bonito estadio que estamos a construír, do magnífico estadio e por outra banda pide cando se inicia a obra da grada de Río, a nós nos preocupa o Celta dende moito antes do que lles preocupaba a vostedes, e llo dixen anteriormente, dende o ano 2009 este goberno estivo apoiando ao Celta, pero posteriormente en todo o que propuxo o Celta tivo toda a nosa colaboración e todo o noso apoio e a posición deste goberno Sra. Muñoz, e ao de Alcalde está moi clara, a que non está clara é a de vostede, a que ten que explicar esta historia da concesión, se 40, se 60 anos, se outra modalidade é vostede, porque isto non está claro porque hoxe o Celta ten a súa total disposición o campo de Balaídos e ten unha regulación concreta e de apoio que serve perfectamente, polo tanto, nós estamos no apoio que o Celta necesita e son vostedes os que están tratando de boicotear permanentemente todo o que significa co Real Club Celta de Vigo. Anteriormente Sra. Muñoz, aquí quedou moi claro cal é a súa posición sobre o que ten que facer a Xunta de Galicia e Zona Franca e nós, mire, o estadio non se pode vender, o estadio é un ben demanial como todos sabemos e como os 27 concelleiros, aínda que neste momento non estean os concelleiros de Marea de Vigo, non se pode vender, pero este goberno

non quere vender este estadio, non o vai vender sobre todo porque é froito da opinión e da vontade da cidadanía.

Polo tanto, nós co Celta a total colaboración, cando vostede fai determinadas opinións sobre a obra debería revisar a hemeroteca como dicía anteriormente, o proxecto de reforma do Estadio de Balaídos é un proxecto conxunto entre o Celta de Vigo e este Concello, asinado entre o Sr. Mouriño e o Alcalde de Vigo, polo tanto, nisto non hai ningunha dúbida e nós co Celta estamos Sra. Muñoz na colaboración permanente, hai cuestións que non imos discutir porque sempre trataremos de colaborar con eles como o fixemos, e dentro da legalidade facilitaremos tódalas opcións, como non puidera ser menos para o futuro do Real Club Celta, con quen imos discutir e co Sr. Feijóo, co Sr. Rueda e con quen imos discutir é coa Sra. Pedrosa de Zona Franca, porque ela en xullo do ano pasado dicía literalmente que estaba a favor do aparcadoiro de Balaídos, dicía que o ía apoiar, levar a comité executivo e dicía que colaboraría e que o faría ela por enriba de todo, e aínda estamos esperando.

A realidade cal é? A realidade é que o estadio a súa reforma, a conversión nun estadio novo magnífico significa o futuro do Celta e a realidade é que a data de hoxe a achega da Xunta de Galicia é cero euros, a achega da Zona Franca é cero euros e aí é onde certamente hai que preocuparse polo Celta de Vigo. Mire se nos preocupamos que como a vostede unicamente lle interesa instar ao Alcalde, ao Goberno Municipal, nós lle presentamos unha emenda de substitución á que vostedes presentan para adopción de acordo neste Pleno que si comprende o futuro do Celta, que si fala de todo o que preocupa ao Celta e á cidade e é, leo textualmente, “o Pleno do Concello de Vigo garante todo o seu apoio ao Real Club Celta de Vigo, mantendo o Estadio de Balaídos a súa disposición para que o Club siga en Vigo e manteña a súa cidade deportiva na cidade”, esta certamente si que é o pronunciamento que ten que adoptar este Pleno complementario aos que aprobamos anteriormente sobre achegas de Xunta de Galicia e achegas de Zona Franca, aquí será, se vostede acepta esta emenda que lle presentamos e aquí nos veremos quen está realmente ao favor do Celta e quen está permanentemente en contra con intencións políticas.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Desgraciadamente este Pleno unha vez máis serve para

que os vigueses saiban realmente o goberno que teñen, dende logo, Sr. Font, que mágoa, señores do goberno municipal, que magoa Sr. Alcalde e que decepción esta intervención absolutamente baleira de contido, chea de xeneralidades, de tópicos que a vostedes lles gusta sempre recorrer, se non falan da Xunta de Galicia, do goberno de España, da Zona Franca en cada una das súas intervencións parece que non están vostedes contentos, pero agora estamos a falar dun problema de Vigo, un problema que ten o Concello de Vigo e que teñen os vigueses e desgraciadamente o que temos aquí é un goberno que fai oídos xordos, temos un concelleiro responsable das obras de Balaídos, insisto, moi calado no día de hoxe, un concelleiro de deportes que algo debería saber por razón da materia que está a outras cousas, e aí o deixo, e un voceiro municipal que, Sr. Font, tivo vostede días mellores, de verdade non sabía que dicir, non tiña tempo para encher eses cinco minutos porque eses cinco minutos vostede estivo divagando para non dar nin unha soa resposta. O presidente do Celta xa lles dixo que o convenio actual non lle serve, que con ese convenio vanse de Vigo e vostedes van provocar que se vaian de Vigo como non tomen algunha determinación, e hoxe aquí tiñan unha boa oportunidade para dar unha contestación, para dar unha resposta e para facer unha proposta, que pode pensar o Celta despois da súa intervención, Sr. Font? Que pode pensar o Celta de si a este goberno lle importa algo que sigan ou non na cidade, non están preocupados polo Celta, por este tema e o que están preocupados e por lanzar balóns fora.

Miren, ao Celta hai que darlle facilidades, non hai que poñerlle dificultades, que é exactamente o que vostedes se están adicando, hai que darlle solucións e non xerarlle problemas, que é exactamente o que vostedes están a facer, e hai que darlles respostas e a resposta é a que ten que dar este goberno, o Partido Popular xa deu a súa, di vostede que non lle convence Sr. Font, eu creo que hai que analizar un pouco máis en profundidade o que se pon enriba da mesa e o que dende logo un grupo municipal responsable puxo enriba da mesa, analíceo un pouco mellor porque eu creo que lles faia a perspectiva.

Mire vostedes non saben de deportes, non apoian realmente o deporte nesta cidade, non apoian o principal, á cabeza de tódalas entidades deportivas pero é que a súa política en materia de deportes é lamentable, todo o contrario que cando o Partido Popular tivo esa responsabilidade, todo o contrario a que cando o

concelleiro, o Sr. Figueroa estaba ao fronte dos deportes desta cidade, el si que foi un gran concelleiro de deportes.

Voulles facer unha proposta, ímoslles deixar ao concelleiro o Sr. Figueroa para que leve os deportes no goberno municipal, a ver si así conseguimos arranxar algo porque con vostedes o Celta, Vigo non vai avanzar, Sr. Alcalde tómese en serio ao Celta, tómese en serio Vigo.

PRESIDENCIA: Entendo que non se acepta a emenda do grupo Socialista que pretendía garantir a presenza do Celta en Vigo, que sigan xogando en Balaídos e que se quede a cidade deportiva en Vigo, supoñendo e dando por suposto que non, sometemos á votación a proposta do grupo Popular.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Instar ao goberno municipal e ao alcalde de Vigo a garantir a permanencia do Real Club Celta de Vigo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dezoito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.